



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

RESOLUCIÓN DO ALCALDE NÚMERO 559/2015.

En cumprimento do previsto no artigo 38 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

ACORDO:

Primeiro. Convocar sesión ordinaria do **PLENO** da Corporación que terá lugar no Salón de Sesións da Casa do Concello o vindeiro día **30 de xullo de 2015 (xoves) ás 20:00 horas**, coa seguinte orde do día:

PARTE I. ADOPCIÓN DE ACORDOS

1.- Aprobación da acta da sesión anterior realizada o **13 de xuño de 2015**.

2.- Aprobación da acta da sesión anterior realizada o **2 de xullo de 2015**.

3.- Adhesión ao Convenio marco entre a Administración Xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia para a implantación dunha rede de oficinas integradas de atención ao cidadán no ámbito territorial de Galicia.

4.- Aprobación do convenio de colaboración entre os concellos de Dodro, Padrón, Rois e Valga para a xestión compartida do “proxecto de prevención de drogodependencias e conductas adictivas”.

5.- Ratificación da Resolución do Alcalde 169/2015, do 26 de febreiro, polo que se aproba o convenio de colaboración entre os concellos de Dodro, Padrón e Rois para a xestión compartida, desenvolvemento conxunto e posta en funcionamento dun obradoiro de emprego destinado ás persoas mozas incluídas no ficheiro do sistema nacional de garantía xuvenil.

6.- Ratificación da Resolución do Alcalde 118/2015, do 16 de febreiro, polo que se aproba o convenio de colaboración suscrito entre os concellos de Dodro, Padrón e Rois para a xestión compartida, desenvolvemento conxunto e posta en funcionamento do programa integrado de emprego Terras de Iria II.

7.- Ratificación da Resolución do Alcalde 354/2015, do 29 de abril, pola que se aproba a xestión compartida dos concellos de Dodro, Padrón e Rois da solicitude de subvención ao INEGA para a financiación dun proxecto de aforro e eficiencia enerxética no alumbrado público.

8.- Régime das sesións ordinarias das Comisións Informativas permanentes.

9.- Nomeamento de representante do Concello de Padrón no Consello Territorial da Propiedade Immobiliaria da Coruña.

10.- Aprobación dos festivos locais para o ano 2016.

11.- Aprobación da modificación número 4 da Relación de postos de traballo do persoal funcionario.

12.- Fixación do límite de gasto non financeiro do orzamento xeral do Concello de Padrón para o exercicio 2015.

13.- Aprobación dos modelos de declaracions de bens patrimoniais e participación en sociedades e de causas de posible incompatibilidade e actividades económicas.

PARTE II. CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

14.- Dación de conta da composición das Comisións Informativas Permanentes.

15.- Dación de conta da aceptación dos cargos con dedicación exclusiva e parcial.

16.- Dación de conta da Resolución do Alcalde núm. 348/2015, do 28 de abril, pola que se aproba a liquidación do orzamento municipal correspondente ao exercicio económico 2014.

17.- Dación de conta do informe trimestral elaborado polo departamento de intervención e tesourería sobre o cumprimento dos prazos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na súa redacción dada pola Lei 15/2010, de 5 de xullo. 1º trimestre de 2015.

18.- Dación de conta do informe trimestral elaborado polo departamento de intervención e tesourería sobre o cumprimento dos prazos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na súa redacción dada pola Lei 15/2010, de 5 de xullo. 2º trimestre de 2015.

19.- Dación de conta das Resolucións adoptadas pola Presidencia contrarias aos reparos suspensivos formulados pola Intervención municipal.

20.- Dación de conta das Resolucións do Alcalde da número 339/2015 á número 557/2015.

21.- Mocións de urxencia.

22.- Rogos e preguntas.


Segundo. Notificar o presente acordo a todas as Concelleiras e todos os Concelleiros, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación do mesmo, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Facer público o presente acordo mediante a inserción do mesmo no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Padrón, 27 de xullo de 2015.

O Alcalde,

Asdo. Antonio Fernández Angueira.



Asdo. Ana María Ares Álvarez.